

FASE 1 A PARTIR DO LUNS 11 DE MAIO

Na mañán de hoxe publicase a orden 399 de Sanidade na que se establece os Territorios que pasan a Fase 1 do Plan de desescalamento, entre as que están Ourense, Lugo, Pontevedra e Coruña, comentando as máis esenciais e importantes para a súa actividade:

1ª.- Libertade de circulación dentro da provincia, aínda que a Xunta poderá autorizar mobilidade entre concellos limítorfes doutras provincias de tránsito habitual para actividades socioeconómicas.

Todo isto sin perxuicións das excepcións que xustifiquen o desprazamentos a outros territorios.

2ª.-Manteñemento xeral de distancia entre persoas de 2 metros, cando non se poida terá que haber sempre Sistemas de protección axeitados.

3ª.-Os Grupos serán como máximo de 10 persoas(salvo que convivan).

4º.-Velatorios: 10 persoas no interior ou 15 si é o aire libre. Enterros: 15 persoas e o Cura.

Lugares de culto: un tercio do aforo(recollese método para o seu cálculo, só para istes lugares)

COMERCIOS E SERVIZOS PROFESIONAIS(PELUQUERIAS)

1º. Só poden abrir establecementos de menos de 400m², que non teñan carácter de centro ou parque empresarial.(Non teñen entrada independente dende o exterior).

2º.- O aforo será só do 30% do local, e virá determinado pola distancia de 2 metros entre clientes. Si no local non se dá gardado esa distancia de 2 metros, só se pode atender a un cliente de cada vez. O aforo e o distanciamento deberá informarse con

carteis no local e deberá haber sistemas que permitan o reconto e control. Nos parkings faranse controles sin contacto físico.

3º.- Déebese marcar unha preferencia de atención para persoas maiores de 65 anos.

4º.- Poderán abrir con cita previa: os concesionarios de automoción, as ITV, os centros de xardeiñería e vivieiros aínda que superen os 400 metros.

5º.- Os establecementos poderán por sistemas de recollidas de produtos vendidos telemáticamente, sempre e cando se faga sin aglomeracións e poderán repartir e entregar nas casas especialmente a colectivos determinados.

6º.- Os concellos poderán autorizar a celebración de mercados o aire libre (Feiras) preferentemente de produtos alimenticios, cunha limitación ao 25% dos postos habituais, garantindo o distanciamento e a non manipulación dos produtos.

7º.- Recollense medidas de hixiene dos establecementos, do persoal traballador e para os clientes: especialmente para peluquerías, Fisioterapia e Estéticas. Débese evitar a manipulación dos clientes dos produtos, as prendas de roupa que se proben e non se vendan: hixienizalas, non ofertar probas que sexan manipulados por sucesivos clientes...

ACTIVIDADES DE HOSTELERIA E RESTAURACIÓN

1º.- Os establecementos de hostelería e Restauración poderán abrir as terrazas ao 50% das que tiña autorizado o ano anterior polo Concello, sempre mantendo unha separación entre mesas de 2 metros. Si o Concello lle permite máis poderá facerse mantendo as proporcións cos peatóns.

2º.- Autorízase unha agrupación de máximo 10 persoas por mesa ou agrupación que respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal.

Entendese por terraza espazo aberto ou cuberto pero rodeado lateralmente só por 2 paredes.

3º.-Limpeza e desinfección de mesas, cadeiras e utensilios entre un cliente e outro, priorizando mantelería dun só uso, por dispensadores de xeles desinfectantes, evitar cartas de uso común, servilleteiros, palilleiros, aceiteiras, vinagretas, e manter a vaixela pechada e fora do acceso de clientes. Os baños utilizaranse só por una persoa e deberán limparse 6 veces o día.

OUTRAS MEDIDAS

A orden recolle as condición de apertura de hoteis, da Actividade de Turismo activo, dos Servizos Sociais, dos Centros educativos-universidades, Bibliotecas, Museos, das instalación científicas, da actividade de rodaxe de audiovisuais, espectáculos culturais, das actividades deportivas e federadas e remata cun Anexo dos Territorios do Estado que pasan a Fase I.

Podédes descargar a orde completa aquí: [Download](#)

e o BOE do 10 de maio aquí: [Download](#)

ASESORIA BIEITO